



ANUNCIO: EMENDA BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DE DÚAS PRAZAS DE OPERARIA/O DE PROTECCIÓN CIVIL (AXENTE DE EMERXENCIAS)

Téndose aprobado por Decreto nº 2131/2026 de 11 de agosto de 2026 emenda das bases reguladoras do proceso selectivo a través do procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, para cobertura en propiedade de dúas prazas de persoal laboral fixo do posto de Operaria/o de Protección Civil (axente de emerxencias), correspondente á OEP 2026 do Concello de Arteixo (publicadas no BOP da Coruña nº 150 de 10/08/2026), procédese á publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

PRIMEIRO.- Modificar a Base Segunda.- Requisitos esixidos, do Decreto de Alcaldía nº 2078/2026 de data 04/08/2026 polo que se aproba a convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, polo procedemento de concurso-oposición en quenda libre, de dúas prazas de persoal laboral, operaria/o de protección civil (axente de emerxencias) do seguinte xeito:

Onde dí:

“e) Titulación e carnés profesionais: Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos ou en condición de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias: Graduada/o ESO ou titulación equivalente, xunto cos carnés de conducir B e A2.”

Debe dicir:

e) Titulación e carnés profesionais: Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos ou en condición de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias: Graduada/o ESO ou titulación equivalente, xunto cos carnés de conducir B e C.

SEGUNDO.- Modificar a Base Terceira.- Instancias e prazos de presentación, do Decreto de Alcaldía nº 2078/2026 de data 04/08/2026 polo que se aproba a convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, polo procedemento de concurso-oposición en quenda libre, de dúas prazas de persoal laboral, operaria/o de protección civil (axente de emerxencias) do seguinte xeito:

Onde dí:

“- Copia do carné de conducir B e A2.”

Debe dicir:

- Copia do carné de conducir B e C.

Asinado dixitalmente: Carlos Calvelo Martínez (Alcalde-Presidente)

Documento firmado electrónicamente, puede validar la firma con el código indicado al margen en la Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (El código de verificación garantiza, mediante el cotejo en la sede electrónica municipal, la integridad del documento (artículo 27.3.d de la Ley 39/2015, de 1 de Octubre, do Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas)